

# CONVOCATORIA AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN ORIENTADOS Á IMPLANTACIÓN DA MEDICINA PERSONALIZADA DE PRECISIÓN

No B.O.E. de data 17 de xullo do 2024 publicouse o Extracto de Resolución de 11 de xullo do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades pola que se aproba a convocatoria para o ano 2024 das axudas a Proxectos de Investigación orientados á Implantación da Medicina Personalizada de Precisión baixo o PERTE para a saúde de vangarda, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS : 775066

**O obxecto desta resolución** é financiar proxectos capaces de transformar a toma de decisións na práctica clínica e nas medidas de saúde pública, avanzando nunha Medicina máis segura, eficiente, preventiva e predictiva, baseada na adecuada utilización de datos masivos e adaptada ás características individuais que afectan á saúde.

**A finalidade destas axudas** é financiar proxectos de calidade contrastada para a implementación, no SNS, de actuacións clínico asistenciais que, baixo o concepto global de Medicina Personalizada de Precisión, permitan mellorar a prevención, diagnóstico, tratamento e calidade de vida das persoas

**Cinco liñas de investigación:**

- a) Validación de biomarcadores útiles para a valoración da exposición e a detección precoz de enfermidades relevantes pola súa frecuencia e o seu impacto social, con especial orientación á súa translación á cohorte do piar IMPACT de Medicina Predictiva.
- b) Integración da exposición ambiental na cohorte IMPaCT e efectos en saúde.
- c) Harmonización e integración da información procedente da historia clínica de atención primaria e hospitalaria útil no seguimento en estudos de cohortes de poboación xeral, con especial orientación á súa translación á cohorte do piar IMPaCT de Medicina Predictiva.
- d) Estratexias de captura e procesamento de información clínica, xenómica e información non convencional que esixan altas capacidades de computación e permitan a súa integración nos estudos de medicina de precisión
- e) Variabilidade xenómica da cohorte IMPaCT e a súa relación con variables xeográficas, demográficas e étnicas.

A contía total máxima de esta convocatoria é de 25.000.000,00 de euros.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o 18 **de xullo ata o 5 de setembro de 2024 ás 15 horas**( hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución ,ao extracto da resolución e as fichas resumo da convocatoria.

| LIGAZÓNS ASOCIADAS                                                                                                              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Coconvocatoria ``Proxectos de investigación orientados á implantación da Medicina Personalizada de Precisión 2024``             |
| Extracto convocatoria ``Proxectos de investigación orientados á implantación da Medicina Personalizada de Precisión 2024``      |
| Fichas resumo convocatoria ``Proxectos de investigación orientados á implantación da Medicina Personalizada de Precisión 2024`` |